


Tamen lle damos a mais completa n-hora boa o Sr. D. Marcelo Macias pol-as xustas alabanzas de que foi ouxeño con motivo d'o panexírico que prenunció n-a Cruña o 3 d'Agosto.

Según lemos n-os peródicos o Auntamendo ten-o bon acordo d'imprimilo.



Di *El Diario Mercantil de Zaragoza* qu' unhos cantes fumadores d' a terra d' Aragón e Cataluña en vista d' mala calida y-o caro qu' é o tabaco d' a compañía encargada de dalo, teñen de mientras xúntarse, e' ó fin de tratar d' o asunto e facer unha huelga xeneral de fumadores n-aquelas terras.

Aqui tedes nros leitores unha huelga a que todolos que fumades debiades d' axundar.


E sobre todo os que gastades de tagarninas abaixio.

Pro non deben de ter muito sentimento, porqu' ó fin aló en Alemania di que fuman por tabaco verdadeiro máis de mil barricas de folla de remolacha e d' achicoria.

Os de por acoinda poden facer unha espirencia.

A ver si se fai tabaco con follas de pataca.

Y-estonces paixarill! A MONTEIRA os dreitos d' o invento.



O gobernador civil de Tarragona multou nada menos que n-a pequena cantidá de cen pesetas o peródico *El Municipio*.

Non e cousa pia que poida causarnos estraneza.

Sabendo o ben que sempre tratan os gobiernos ós municipios,

D' o pior que poden.



Un d' os xueces municipales d' a vila e corte de Madrid presentou querella contr' o xuez de pirmeira instancia d' o Oeste.

A querella está fundada en que pol-o visto non andaba todo o diligente que debía en administrativa xusticia.

And' a xusticia revoltá.

Malo.



D' o trece, de Xuño de mil oitocentos ochenta e nove ó sete de Xulio de mil oito-

centos noventa, houbo, n-o Senado, duas centas sesiós púbricas e oito secretas, fixeron vinteseis interpelacións e trescentas duas preguntas.

Levaron á sanción d'a Reina cento trinta e seis leixes.


D'elas cincuenta e duas foron d' carreiras e trinta e unha de ferros-carris.

¡Oh! por eso correron tanto.

O qu' abofellas é d'estrañar sendo tan pouco sabidos como deben ser.

Porqu' à verdá trescentas dúas preguntas e algo muito.

Que queda pri'os pequenos d'a escola?



O concierto o manífico baile que deu a antusiasta Sociedá *Sporting Club* d'a Cruña cando inaugurou o Kiosko dician unhas mulleres.

Bon estivo o baile d' o *esparto crudo*.

E di a esto con muita razón un peródico d'a Cruña.

«Inconvenientes de adoptar nombres ingleses siendo tan rica la lengua de Cervantes.»

Conformes pro de toda cónformidá.

Case o mesmo dixemos nosoutros ca ndo s'estabreceu dita aristocráteca sociedá.



N-as listas d' os eleutores pra diputados, que puxeron n-a porta d' o auntamento de Cadiz, pegaron as cabras co-elas, comeron tres priegos e medeo.

¿Xa escornan n-os eleutores?

Pois hastro d' agora iñda é cedo



Pol-o que di un peródico, a cinco centos o chegou o número de cartas que mandaron d'a Cruña a Madrid pidindo empreos.

Verdá e que non son muitos os que queren deixalo purgatorio pra pasar ó ceo.

## NOVA BARBERÍA

Por disolvers'a sociedá d' os irmáns Verin, Francisco, o mais novo d'eles, participa ós seus parroquianos que acaba d' abrir un novo establecemento de peluqueria e barbería n-a Praza Maor, número 28, baixos d'a casa d'o Sr. Pereira.